

## M E M O R I A

### 1. CONSIDERACIÓNS XERAIS.-

O Municipio da Estrada conta cunha extensión superficial de 281,80 Km<sup>2</sup>, cunha poboación, segundo o último censo, de 21.464 habitantes, o que representa unha densidade duns 76,17 habitantes/Km<sup>2</sup>.

Trátase dun Municipio eminentemente rural, predominando o hábitat diseminado e sendo un dos de maior extensión; distribuíndose a poboación en 51 parroquias que supoñen 478 lugares ou entidades singulares.

No casco urbano da Estrada aséntase unicamente o 39,50% da poboación total, isto é, 8.479 habitantes, o resto, 12.985 persoas, habitan no rural, repartidos nos 478 lugares existentes.

Con estes datos obsérvase que as necesidades de infraestrutura para os habitantes no rural é latente, tanto de camiños, coma de alumado público, teléfono, abastecemento de auga, etc.

Conscientes deste problema, as Corporacións tratan de resolver paulatinamente as deficiencias de comunicacións entre os diferentes lugares coas vías principais (estradas nacionais, provinciais, etc. e casco urbano); esta iniciativa, unida á necesidade de dispoñer de camiños con garantías para efectua-lo transporte escolar, como consecuencia das Agrupacións Escolares realizadas na zona rural, concretamente catro, fixo necesario dispoñer dunha rede de camiños ampla.

Na actualidade existen varios lugares do Municipio que non dispoñen dun acceso axeitado polo interior dos mesmos, atopándose con firmes de terra que en épocas de chuvia se converten en auténticas lameiras como consecuencia da súa utilización. Por outro lado dispoñen dunha sección mínima indispensable para o acceso de vehículos.

Para abordar paulatinamente este problema as Corporacións Municipais, veñen consignando en Plans e Programas Anuais dúas cantidades de diñeiro, unha tendente a reparar o existente e outra a solventar os problemas de acceso a núcleos de poboación.

O proxecto que nos ocupa ten como obxecto precisamente solventar os problemas de acceso a núcleos de poboación para así compensar os desequilibrios internos do Concello en infraestructuras básicas de carácter local e, en particular, incrementar estas aproximando os servizos públicos locais á media do Estado, facilitando ó mesmo tempo o apoio á actividade económica ós núcleos e zonas menos desenvolvidas.

## **2. XUSTIFICACIÓN DAS OBRAS.-**

É evidente dado que os núcleos de poboación ós que darán acceso estes camiños, carecen na actualidade dun firme adecuado acorde co desenvolvemento actual.

## **3. DESCRICIÓN DAS OBRAS QUE SE PROXECTAN.-**

**3.1.-** No apartado de orzamento especificábase claramente o tipo de obra a realizar en cada un dos camiños que se inclúen no proxecto con datos sobre lonxitudes, anchuras, tipos de firme, espesores, etc.

As obras que comprenden este proxecto consisten en:

- A) Movemento de terras, limpeza e apertura de foxos, perfilado de noiros, formación de caixas, e acondicionamento e recrecido de paseos e limpeza de obras de fábrica.  
Acondicionamento de explanación e compactado de terreos natural por medio mecánico.
- B) Superestructura: dependendo das necesidades leva grava estendida e compactada, e si fose necesario faríase a súbbase con material procedente de préstamos e escarificado.
- C) Nalgúns camiños leva unha rega superficial con 3,5 Kg de ECR-2 e 20 l/m<sup>2</sup> de gravilla 12/18 mm., ademáis levará un tratamento superficial bituminoso elaborado con 2 Kg/m<sup>2</sup> de emulsión ECR-2, saturado con 12 l/m<sup>2</sup> de grava 6/12 mm., e rematado cun selado elaborado con 1,5 Kg/m<sup>2</sup> de emulsión ECR-2 e 5 l/m<sup>2</sup> de area 0/6 mm. Cando os camiños teñan que levar formigón este será H-250, tamaño máximo de árido 12 mm, incluído transporte e colocado na obra. Os camiños que levan aglomerado en quente será pavimento M.B.C. tipo D-12 con espesor de 6 cm, unha vez compactado incluso betún, filler, rega de adherencia, regulación previa e barrido de superficie.
- D) Obras de Fábrica: Levará as que precisen para pasos de augas, así como os drenaxes necesarios.
- E) Sinalización: Farase nos camiños que se vexa necesario pola carencia ou mal estado do mesmo.

## **4. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS.-**

Os camiños incluídos neste proxecto deberán de considerarse como rurais, e para a súa execución pártese do suposto de que polos mesmos non poderán circular vehículos de máis de 10 Tm., e a velocidade será sempre inferior a 40 Km/h, recomendándose incluso a dirección única cando o ancho da

plataforma sexa inferior a 4,00 m. Dentro deste proxecto non se contempla a totalidade da sinalización, polo que terá que ser obxecto de estudio polo Concello.

Dos camiños que se inclúen neste proxecto, non aporta a Administración o estudio xeotécnico dos terreos o que ofrecería unha maior visión do subsolo para toma-las decisións técnicas oportunas para o desenvolvemento do proxecto con maior fiabilidade, se ben, dado o tipo de obra e pola experiencia adquirida e xa que se trata na maior parte de camiños consolidados, non parece que poidan xurdir imprevistos que supoñan unha variación económica relevante.

Por esto o estudio xeotécnico non se considera imprescindible neste caso, coas salvedades relatadas.

#### **5.- MEDIDAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL**

Ao tratarse dun proxecto de mellora da capa de rodaxe de camiños que xa foron executados con anterioridade, as medidas de protección ambiental a ter en conta nestas obras non son de igual entidade que si se tratara de obras de primeiro establecemento. Nembargantes, é imprescindible aplicar unha serie de normas xerais mínimas de protección que entra no "bo facer" medioambiental, como poden ser as seguintes:

- Procederáse á limpeza de posibles acopios, vestiarios e almacéns, rexeneración de préstamos e evitarase o abandono de escombros, materiais e vertidos de aceite.
- No caso de construción de obras de fábrica, porase especial coidado para evitar arrastre e vertido de formigón as canles.
- Se a dirección de obra o estima necesario construíranse balsas decantadoras de finos a saída de obras de fábrica.
- Evitarase a remoción do fondo das canles atravesadas.
- Calquera outra que a dirección de obra considera conveniente para evitar o deterioro medioambiental.

#### **6. CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS OBRAS.-**

O contratista adxudicatario das obras, está obrigado á reparación dos posibles deterioros que se presenten na mesma durante o ano de garantía, sempre que os devanditos desperfectos sexan imputables á contrata.

#### **7. REQUISITOS ADMINISTRATIVOS.-**

Expresamente decláranse de obrigado cumprimento os seguintes textos (ou os que legalmente lles substitúan).

*-Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.*

- *Pliego de Cláusulas Generales para la contratación de obras del Estado.*

- *Instrucción de Carreteras del MOPU.*

- *Pliego de la D G de Carreteras (PG-3 y PG-4).*

- *Normas del Ministerio de la Vivienda: M.V. 101, 102, 103.*

- *Instrucción de Hormigón Estructural (EHE).*

O contratista reponde como patrono, cumprindo as normas habituais e as instrucións da Dirección da Obra para seguridade no traballo dos operarios e do público en xeral.

O contratista queda obrigado a cumprir todas as disposicións ditadas ou que se ditén ata o comezo dos traballos no referente á protección da Industria Nacional.

O contratista queda obrigado a entregar á Dirección facultativa, os planos, resultados de ensaios e todo aquilo que esta lle requira para a redacción da Memoria prevista no artigo 4.9 da vixente Instrución EHE.

Cumpríranse igualmente con rigorosidade extrema a lexislación vixente en materia de seguridade e saúde no traballo.

#### **8. PROGRAMACIÓN DAS OBRAS.-**

A vista das características das obras, estímase necesario e suficiente un prazo de execución de 3 meses.

#### **9. REVISIÓN DE PREZOS.-**

Non se admite e axustaranse ós prezos detallados nos Cadros de Prezos nº 1 e 2.

#### **10. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.-**

*Ao amparo do estipulado no artigo 65.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, non se esixe clasificación por tratarse dunha cun orzamento inferior a 500.000 euros.*

#### **11. PLANNING DE OBRA.-**

Primeiro mes: Limpeza de foxos, talúdes, terrapléns, recrecido de arcéns e obras de fábrica.

Segundo e terceiro mes: Apertura de caixas, recrecido de grava, e execución de regas e capa de rodadura.

## 12. ORZAMENTO.-

Aplicando os prezos das diferentes unidades de obra, ás cantidades resultantes da correspondente medición e do estudio de seguridade e saúde, obtense o orzamento de execución material, que ascende á cantidade de **TRESCENTOS CORENTA E DOUS MIL CENTO NOVENTA E SETE COMA SESENTA E SEIS** (342.197,66) ó que haberá que aplicarlle o 13,00% de gastos xerais e o 6,00% de beneficio industrial, resultando a cantidade de **CATROCENTOS SETE MIL DOUSCENTOS QUINCE COMA VINTE E UN** (407.215,21), e a esta cifra, haberá que engadirlle o 21,00% de IVE, polo que o **TOTAL DO PROXECTO ASCENDE Á CANTIDADE DE CATROCENTOS NOVENTA E DOUS MIL SETECENTOS TRINTA COMA CORENTA** (492.730,40) euros.

## 13. DOCUMENTOS.-

O presente proxecto consta de :

- Memoria.
- Xestión de residuos.
- Plan de control de calidade.
- Prego de condicións.
- Estudio de Seguridade e Saúde.
- Planos.
- Medicións e orzamento parcial.
  - Cadro de Prezos descompostos.
  - Resume do Orzamento.

Nos documentos citados anteriormente, estúdanse tódolos extremos relativos ó presente proxecto de obra completo, coa suficiente amplitude para que poida ser aprobado polo organismo competente.

A Estrada, 25-03-2014  
O Enxeñeiro Técnico Municipal.  
Asdo. Ramón Brea Villaverde.